



CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 1 de setembro de 2025, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xullo de 2025 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Piscina Municipal e os padróns correspondentes ao 3º bimestre de 2025 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 8 de setembro ao 10 de novembro de 2025. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 1 de setembro de 2025.- A Alcadesa, María Dolores García Caramés.

R. 2486

FRIOL

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral do Concello de Friol correspondente ao exercicio económico 2024, cos estados e contas aos que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Comisión Especial de Contas na sesión do catro de setembro, emitiu ditame ao respecto.

A Conta Xeral expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta entidade, por un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No devandito prazo, os interesados poderán examinar e presentar por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril e o 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Friol, 4 de setembro de 2025.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2499

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de xuño de 2025 adoptou o acordo número 15/227 de **Aprobación das Bases da convocatoria de subvencións ás ANPAS (Asociacións de nais e pais de alumnos) de centros sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo para o ano 2025**, o que se fai público a través do presente anuncio:

PRIMEIRO: Iniciar o procedemento de Convocatoria de subvencións en réxime de concorrència non competitiva dirixida a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos no Concello de Lugo para actividades formativas e culturais realizadas no ano 2025.

SEGUNDO: Aprobar o gasto inicial de 10.000,00 euros, con cargo á partida 32000.48900, RC: 202500026818, do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO: Esta convocatoria rexeráse polo establecido nas seguintes “BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA A ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE LUGO PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS E CULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2025”.

Primeira.- Obxecto e finalidade da subvención.

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións ás asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos no Concello de Lugo para a realización de actuacións en materia de participación educativa, que en ningún caso implicará a realización de actividades extraescolares do alumnado.

Distínguense estes tipos de actividades:

- Actividades de formación sobre distintas temáticas como poden ser as adiccións, escolas de pais, educación emocional, primeiros auxilios, igualdade, ..., das que se subvencionará ata un 90% do orzamento da actividade.
- Actividades culturais, como visitas explicativas a algún museo ou algunha visita con guía turístico, das que se subvencionará ata un 60% do orzamento da actividade.

Segunda.- Normativa reguladora do procedemento

A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto nestas Bases, na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; así como á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa xeral de aplicación.

Terceira.- Contía que se vai subvencionar.

O importe inicial destinado a estas axudas ascende a **10.000 €**.

A convocatoria financiarase con cargo á partida 32000.48900, RC: 202500026818 do vixente orzamento municipal.

No suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, establécese un límite máximo de 2.000 € por asociación, sempre e cando non se supere o orzamento de 10.000 €. De ser así, reducirase proporcionalmente o límite máximo.

Non se poderá conceder subvención por un importe superior ao 90% do custo total da actividade ou acción para a que se solicita subvención se se trata dunha actividade de formación, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Non se poderá conceder subvención por un importe superior ao 60% do custo total da actividade ou acción para a que se solicita subvención se se trata dunha actividade cultural como visitas a museos ou percorridos turísticos con guías de turismo, xa que o 40% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

No caso de presentarse algunha federación de asociación de nais/pais, o programa de actividades non poderá ser coincidente co que presenten as súas asociacións integrantes.

Cuarta.- Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias deste tipo de subvencións as asociacións de pais e nais de alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo que estean inscritas de acordo coa normativa aplicable e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo.
- b) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d) Non estar incurso nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Que teñan realizado actividades formativas para pais e nais de alumnos de centros educativos sostidos con fondos públicos obxecto desta subvención.
- g) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral.
- h) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo, con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30-06-2016).
- i) Non percibir outras subvencións para a mesma finalidade que illada ou conxuntamente supere o custo da actividade subvencionada.

Quinta. Criterios de adxudicación

A concesión desta subvención realizarase en réxime de concorrencia non competitiva entre as asociacións que cumpran os requisitos desta convocatoria, con un máximo de 2.000€ por asociación.

O criterio para a adxudicación da subvención será o cumprimento do establecido nestas bases, que a subvención vaia destinada á formación dos pais/nais do alumnado ou as actividades culturais, así como a acreditación documental de que os gastos foron destinados a este fin.

Os requisitos para as actuacións subvencionables son os seguintes:

A subvención terá que ir dirixida a **actividades formativas ou culturais** para nais e pais de alumnos/as de ANPAS de centros educativos sostidos con fondos públicos, sen que en ningún caso poida estar destinada a eventos de carácter exclusivamente lúdico ou deportivo nin á realización de actividades extraescolares do alumnado.

Esíxese unha participación mínima de 10 persoas na actividade. Poderase convidar a outros membros das ANPAS da mesma federación que a solicitante (FAPALUGO para os centros concertados e FAPACEL para os centros públicos).

Poderán subvencionarse actividades destinadas a familias nas que participen as nais/pais/ ou titores legais xunto cos seus fillos e fillas, mais nunca actividades nas que só participe alumnado.

Terán a consideración de gastos subvencionables, de acordo co disposto no parágrafo anterior, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, e, concretamente, serán subvencionables:

- a) Gastos de persoal: facturas de conferenciantes, guías turísticos monitores/as e outros/as profesionais de cursos para o desenvolvemento da actividade.
- b) Gastos de publicidade e imprenta, fotocopias, consumibles de oficina e doutra índole, de material non inventariable imprescindible para a realización da actividade. Non poderá superar o 20% do orzamento que se presente e que sexa obxecto de valoración.
- c) Gastos de desprazamento/aloxamento imprescindibles para o desenvolvemento da actividade formativa para realizar.

Non serán subvencionables:

- a) Os gastos de degustación gastronómica e de bebidas de calquera tipo. En todo caso, terá esta consideración a organización de comidas, cátering, etc. Agás gastos de manutención de relatores/as.
- b) Os gastos de investimentos, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- c) Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Todos os gastos deberán ser xustificadas coa factura correspondente

Sexta.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

6.1. As solicitudes das persoas interesadas presentaranse preferiblemente, por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Lugo, <https://lugo.gal>.

A convocatoria para a concesión das subvencións previstas nestas bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.2. O prazo para presentar as solicitudes será de VINTE DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e dun extracto destas na BDNS.

As sucesivas publicacións deste procedemento faranse a través do Taboleiro de Anuncios do Concello (lugo.gal/portal/tablonanuncios)

6.3. Para formalizar a solicitude a persoa interesada presentará a seguinte **documentación**:

- Fotocopia do NIF da persoa que actúe como representante e documentación acreditativa da representación, (considerase válido un certificado dos membros da xunta directiva). Esta documentación non será necesaria no caso de que a persoa representante actúe a través de certificado dixital de representante de persoa xurídica ante as administracións públicas)
- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. segundo o Anexo II, que poderá vir acompañado da memoria que se estime máis conveniente para a execución do proxecto para subvencionar.
- Certificación bancaria na que figure o IBAN e número de conta da entidade solicitante.
- Declaración expedida polos órganos representativos da entidade na que se faga constar o número de socios ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio precedente, segundo modelo que figura como ANEXO IV.
- Declaración responsable, segundo modelo que figura como ANEXO III destas bases:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
2. De que a actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.
4. De que a entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións na entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Sétima.- Procedemento de adxudicación.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 68/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; coas seguintes precisións:

7.1 Presentadas as solicitudes polas/os representantes da asociación en calquera dos lugares establecidos legalmente, remitiranse ao Servizo de Educación, que procederá en función do obxecto e finalidade da subvención solicitada.

7.2. O órgano instrutor será un/unha técnico/a competente do Servizo de Educación, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da Ordenanza municipal de subvencións.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os tenentes de alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/os delegadas/os conforme o acordo da Xunta de Goberno Local 40/607 do 26 de xullo de 2023 rectificado por Acordo núm. 1/284 do 19 de xuño de 2024 e modificado posteriormente polo Acordo 7/116 do 26 de marzo de 2025.

7.3. A Comisión de Valoración constituída para o efecto terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: Xefa de Servizo de Educación
Suplente: Pedagoga do Servizo de Educación
- Vogal: Funcionario/a Servizo Intervención

Suplente: Funcionario/a Servizo Intervención

- Secretaria/o: Xefa de Sección de Xuventude

Suplente: Directora da Escola Infantil Municipal

7.4. Unha vez recibidas e revisadas as solicitudes, abrírase un prazo de 10 días hábiles para subsanación por parte das/os solicitantes dos erros ou ampliación da documentación xustificativa non achegada. En caso de que no citado prazo non achegue ou emende o requirido, terase por desistido da súa petición.

7.5. Incorporada esta documentación ao expediente realizaranse cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

7.6. Valoradas as solicitudes recibidas, procederase á publicación dunha listaxe provisional no Taboleiro de Anuncios do Concello das/os solicitantes para quen se propón a concesión da subvención así como, de ser o caso, as solicitudes desestimadas especificarase a causa de desestimación, e establecerase un prazo de 10 días hábiles no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas.

7.7. Resoltas as reclamacións, procederase á resolución deste procedemento, que incluírá unha listaxe definitiva das solicitudes subvencionadas así como daquelas outras non subvencionadas xuntamente coa causa da súa desestimación, resolución que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo (lugo.gal/portal/tablonanuncios).

Oitava.- Prazo máximo de resolución

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da Convocatoria na BDNS e no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

Novena.- Xustificación do gasto

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través de medios electrónicos nos termos dispostos no punto 5 destas bases, e ata o 30 de novembro de 2025, toda a documentación acreditativa da realización das actividades obxecto desta subvención, que incluírá como mínimo:

- Certificado acreditando a realización da actividade pola empresa / profesional que imparte a actividade
- Descrición/ identificación do profesional que imparte a actividade
- Listaxe de asistentes, co seu DNI e sinatura
- Fotografías da actividade (público e profesional impartíndoo)
- Proba de que se anunciou (cartelería, correo electrónico enviado desde a ANPA/ centro...)
- No caso de empregarse algunha presentación dixital, fotografías das diapositivas
- Facturas (certificando que foron efectivamente aboadas) detalladas e xustificativas do gasto para a actividade subvencionada.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios: Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

En todo caso estarase ao disposto no artigo 18 da Ley 11/2021, de 9 de xullo de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que “Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira”

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos perceptores, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. En todo caso deberán acreditar práctica da retención do IRPF que resulte procedente.

Non se procederá ao aboamento da subvención cando non se xustifique documentalmente a realización da actividade e que o gasto foi dirixido especificamente para este fin.

Se o 30 de novembro de 2025, a entidade beneficiaria no presentara a xustificación ou a xuízo da oficina xestora non reúne os requisitos necesarios, concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, e

advertiráselle de que de non facelo se lle terá por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipos.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade perceptora da subvención.

Décima.- Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida máis o 10% do custo total da actividade de formación presentada e orzamentada no seu día ou o 40% no caso de actividades culturais. Enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativos ao 10 ou 40% refírese ao 10 ou 40% do orzamento da actividade presentada con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanciamento da mesma.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederán, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvención públicas.

Décimo primeira.- Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4. A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Aos ditos efectos, logo da tramitación previa do expediente oportuno, poderanse impoñer as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

Décimo segunda.- Revogación

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos, ou que existan incompatibilidades con outros beneficiarios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

Décimo terceira.- Órgano competente para a resolución do procedemento

Conforme ao establecido no artigo 17.3.g) da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e segundo o Acordo núm. 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023, modificado por Acordo 1/61 do 28 de febreiro de 2024 e rectificado posteriormente polo Acordo núm. 1/284 do 19 de xuño de 2024, de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nas/os tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os da Área e nas/os Concelleiras/os Delegadas/os, así como tendo en conta o establecido no Decreto da Alcaldía núm. 2730/2025, do 19 de marzo de 2025, o órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención é a Concelleira Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento.

Décimo cuarta.- Memoria xustificativa

O Servizo de Educación presentará unha Memoria explicativa da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos e coas indicacións, contidos e documentos que se determinen nos acordos reguladores da convocatoria ou na concesión da subvención.

CUARTO: Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e na BDNS, coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da publicación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998,

do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Maila o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Lugo, 28 de agosto de 2025.- A Concelleira Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide Pena.

ANEXO I

 CONCELLO DE LUGO
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DIRIXIDA A ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (ANPAS) DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO, PARA O EXERCICIO 2025

DATOS DA ASOCIACIÓN / ENTIDADE

NOME:		CIF:	Nº REXISTRO MUNICIPAL:
ENDEREZO SOCIAL:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME e APELIDOS:	NIF/NIE:
CARGO NA ASOCIACIÓN:	
CORREO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	

DATOS DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:

DENOMINACIÓN:
Tipo de actividade (marcar cunha X): ☐ FORMATIVA ☐ CULTURAL
ORZAMENTO:
SUBVENCIÓN SOLICITADA(90% do orzamento para actividades formativas ou 60% para actividades culturais):

- Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.
- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.
- Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

Lugo, a de de 2025

Sinatura,

Selo da Asociación

Asdo:

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

Á solicitude xuntaráselle a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos anexos.

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do NIF da persoa que actúe como representante e documentación acreditativa da representación como un certificado dos membros da xunta directiva (esta documentación non será necesaria no caso de que a persoa representante actúe a través de certificado dixital de representante de persoa xurídica ante as administracións públicas)
- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. segundo o Anexo II, que poderá vir acompañado da memoria que se estime máis conveniente para a execución do proxecto para subvencionar.
- Certificación bancaria na que figure o IBAN e número de conta da entidade solicitante.
- Declaración expedida polos órganos representativos da entidade na que se faga constar o número de socios ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio precedente, segundo modelo que figura como ANEXOIV.
- Declaración responsable, segundo modelo que figura como ANEXO III destas bases.

6. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

7. De que a actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

8. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á respectivamente.

9. De que a entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

10. De que o persoal que desenvolve as súas funcións na entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

ANEXO II**MODELO NORMALIZADO DA MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA A SUBVENCIONAR QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025**

DENOMINACIÓN DA/S ACTIVIDADE/S:

--

MOTIVACIÓN/XUSTIFICACIÓN: (Explicar os motivos que levan á asociación a realizar esta actividade/s e non outras).

--

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS: (detallar exactamente en que consiste a actividade para a cal se solicita a subvención).

--

OBJECTIVOS DA ACTIVIDADE. (que se pretende conseguir con esta actividade, sempre relacionado cos fins da subvención)

--

CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar cando se van a realizar as actividades e accións preparatorias)

--

LUGAR PREVISTO PARA A REALIZACIÓN (indicar onde se celebrará)

--

RECURSOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

a) Recursos materiais:

b) Recursos humanos:

c) Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR:

Concepto	importe

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR

Concepto	importe

Lugo, a de de 2025

Sinatura,

Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO III

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a _____ provista/o do NIF n.º _____
 en calidade de (presidenta/e, secretaria/o ...) _____ da asociación _____
 _____ con enderezo social en _____
 _____ de Lugo e con CIF n.º _____

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI

☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO
TOTAL		

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Lugo, _____ de _____ de 2025

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:

ANEXO IV

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN DO NÚMERO DE SOCIOS/ASAO CORRENTE DE COTAS

D./D.^a _____ provista/o do NIF n.º _____
en calidade de (presidenta/e, secretaria/o ...) _____ da asociación _____
_____ con enderezo social en _____
_____ de Lugo e con CIF n.º _____

DECLARO QUE actualmente presenta a asociación socios/as, que se encontran ao corrente das cotas e que no exercicio anterior (2024) había socios/as ao corrente das cotas.

Lugo, ____ de _____ de 2025

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:

R. 2464

NEGUEIRA DE MUÑIZ

*Anuncio***Aprobación definitiva MC/82025.Modalidade crédito extraordinario**

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 6 de agosto de 2025, no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 8 /2025, na modalidade de de crédito extraordinario, por un importe total de 19.083,52 euros, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, polo que se entende elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, e que se publica conforme ao disposto no artigo 169.3 do mesmo texto legal:

Estado de gastos:

Aplicación	Actuación	Importe
1531.619	Mellora no acceso ao local social de Gamalleira	13.973,53 €
1531.619	Mellora (drenaxe) Cancio	5.109,99 €

Estado de ingresos:

Aplicación	Descrición	Importe
870.00	Remanente Tesourería para Gastos Xerais.	19.083,52

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. A interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Negueira de Muñiz, 3 de setembro de 2025.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2487

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2025 de aprobación dos expedientes de modificación de créditos crédito extraordinario CE 1/2025 Residencia e suplementos de crédito SC 2/2025 Residencia e SC 3/2025 Residencia da Residencia de Anciáns “Nuestra Sra. Del Carmen” e os expedientes de crédito extraordinario CE 1/2025 e suplementos de crédito SC 3/2025, SC 4/2025 e SC 5/2025, do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resumo por capítulos dos orzamentos prorrogados para 2025, da seguinte forma:

Concello

Estado de Ingresos

Cap. 1 Impostos directos	4.395.000,00 €
Cap. 2 Impostos indirectos	342.664,61 €
Cap. 3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.604.500,00 €
Cap. 4 Transferencias correntes	5.946.862,81 €
Cap. 5 Ingresos patrimoniais	400,00 €

Cap. 7	Transferencias de capital	718.412,33 €
Cap. 8	Activos financeiros	1.778.907,34 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	615.309,22 €
TOTAL		17.402.056,31 €
Estado de Gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	5.971.990,35 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	8.277.421,12 €
Cap. 3	Gastos financeiros	97.580,50 €
Cap. 4	Transferencias correntes	468.532,83 €
Cap. 5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	4.754,85 €
Cap. 6	Investimentos reais	1.692.889,65 €
Cap. 7	Transferencias de capital	0,00 €
Cap. 8	Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	308.135,12 €
TOTAL		16.730.304,42 €
Residencia		
Estado de Ingresos		
Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.820.182,73 €
Cap. 8	Activos financeiros	24.359,22 €
TOTAL		1.844.541,95 €
Estado de Gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	1.425.248,62 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	407.688,15 €
Cap. 3	Gastos financeiros	2.100,00 €
Cap. 5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.586,08 €
Cap. 6	Investimentos reais	7.919,10 €
TOTAL		1.844.541,95 €
Sarria, 1 de setembro de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.		

R. 2480

O SAVIÑO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2025.

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 17 de xullo de 2025, aprobou inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio 2025, xunto co Cadro de Persoal e as Bases de Execución. O Orzamento estivo exposto ao público por un prazo de quince días hábiles, durante o cal non se presentaron reclamacións. En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento considérase definitivamente aprobado e, por medio do presente anuncio, dase conta do anterior e publícase o resumo do mesmo por capítulos, tal e como dispón o artigo 169.3 do mesmo texto legal e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	DESCRICIÓN	Previsión Inicial	%
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.054.000,00 €	27,71

2	IMPOSTOS INDIRECTOS	47.000,00 €	1,23
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	575.077,60 €	15,06
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.127.315,16 €	55,73
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00 €	0,00
6	ENAXENACION DE INVERSIONES REAIS	0,00 €	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00
	TOTAL	3.817.392,76 €	100%

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	DESCRIPCIÓN	Crédito Inicial	%
1	GASTOS DE PERSOAL	626.490,00 €	16,411
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	3.138.470,00 €	82,215
3	GASTOS FINANCIEROS	4.000,00 €	0,105
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	48.432,00 €	1,269
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00 €	0,00
6	INVERSIONS REAIS	0,00 €	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00
	TOTAL	3.817.392,76€	100,00

De conformidade co disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra esta aprobación definitiva do orzamento municipal poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interperse calquera outro que conveña.

Na mesma sesión plenaria aprobouse tamén o Cadro de Persoal desta Corporación, e procédese a súa publicación segundo o preceptuado no artigo 127 do RD 781/1986:

ANEXO DE PERSOAL**A. FUNCIONARIOS:**

DENOMINACION	Nº	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	NIVEL	SITUACIÓN
Secretario/a-Interventor/a	1	A1	H. Nacional	Secret-Interv.	26	Interinidade
Administrativo/a Tesourería *(funcións de Tesourería en virtude de decreto de Alcaldía)	1	C1	Adm. Xeral	Administrativa	16	Propiedade
Auxiliar Administrativo/a	2	C2	Adm. Xeral	Auxiliar	16	1. Vacante 1. Interinidade
Traballador/a Social	1	A2	Adm. Especial	Técnica	16	Interinidade
Operario/a Servizos Especiais	1	C2	Adm. Especial	Serv. Especiais	16	Propiedade

Oficial Encargado/a Obras	1	C2	Adm. Especial	Serv. Especiais	16	Vacante
TOTAL	7					

B. PERSOAL LABORAL:

DENOMINACIÓN	NÚMERO	SITUACIÓN	VÍNCULO
LABORAL FIXO			
Bibliotecario/a	1	Ocupada polo/a titular	Laboral Fixo
Xardiñeiro/a	1	Ocupada polo/a titular	Laboral Fixo
Operario/a Desbrozadora	1	Ocupada polo/a titular	Laboral Fixo
Traballador/a Social	1	Ocupada polo/a titular	Laboral Fixo
AEDL	1	Excedencia	Laboral Fixo
Informador/a Xuvenil	1	Ocupada polo/a titular	Laboral Fixo
Educador/a Familiar	1	Ocupada polo/a titular	Laboral Fixo
TOTAL	7		

RESUMO DO CADRO DE PERSOAL	NÚMERO
Funcionarios	7
Persoal laboral fixo	7
TOTAL PERSOAL	14

O Saviñao, 25 de agosto de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2481

O VICEDO*Anuncio***EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 25 de AGOSTO de 2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 29 de agosto de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2482

VILALBA*Anuncio*

N. Expediente: 3359/2025

Aprobación definitiva modificación de crédito 33/2025

Transcorrido o período de exposición pública, elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións nin suxestións durante o dito prazo, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2025, do expediente de modificación de créditos número 33/2025 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, insertándose de seguido a dita modificación, no cumprimento do estipulado no art. 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Suplemento en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Crédito Inicial	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
Progr.	Económica				
160	72109	Sumidoiros. Achega Convenio CHMS	85.000,00 €	28.853,99 €	113.853,99 €
1531	22706	Acceso a núcleos de poboación. Estudos e traballos técnicos	45.000,00 €	50.000,00 €	95.000,00 €
1621	22712	Recollida de residuos e limpeza viaria	1.473.830,69 €	20.000,00 €	1.493.830,69 €
920	22799	Administración Xeral. Traballos realizados por outras empresas	30.000,00 €	40.000,00 €	70.000,00 €
920	625	Administración xeral. Mobiliario	2.000,00 €	2.000,00 €	4.000,00 €
920	626	Administración xeral. Equipos para procesos de información	2.000,00 €	15.000,00 €	17.000,00 €
920	641	Administración xeral. Aplicacións informáticas	6.969,60 €	25.000,00 €	31.969,60 €
330	632	Cultura. Edificios e outras construcións. Inversión de reposición	28.073,77 €	14.481,91 €	42.555,68 €

2310	22729	Administración xeral de servizos xerais. Servizo concilia (madrugadores)	16.415,16 €	13.000,00 €	29.415,16 €
333	213	Equipamentos culturais e museos. Reparación, mant. e conserv. de maquinaria, instalacións e utensilios	1.380,00 €	5.517,60 €	6.897,60 €
4311	22799	Feiras. Outros traballos realizados por outras empresas.	60.000,00 €	17.950,00 €	77.950,00 €
165	22112	Alumeado público. Material electrónico, eléctrico e telecomunicacións	30.000,00 €	27.822,12 €	57.822,12 €
165	623	Alumeado público. Maquinaria, instalacións e utensilios	2.000,00 €	20.000,00 €	22.000,00 €
1531	22799	Acceso a núcleos de poboación. Outros traballos realizados por outras empresas	7.000,00 €	15.000,00 €	22.000,00 €
338	22799	Festas populares e festexos. Outros traballos realizados por outras empresas	58.156,00 €	61.061,05 €	119.217,05 €
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO				355.686,67 €	

Progr.	Económica	Descrición	Crédito extraordinario
161	61900	Exp 844/23 Obras de renovación de instalacións de abastecemento e saneamento en camiño Coterón (Fondo Compensación)	52.342,94 €
920	22706	Achega municipal Pirep (estudos e traballos técnicos)	19.512,68 €
920	623	Maquinaria, instalacións e utensilios	3.000,00 €
1531	61900	Acceso a núcleos de poboación. Outros investimentos reposición infraest bens	60.000,00 €
1531	61107	Acceso a núcleos de poboación. Obras mellora e conservación camiños municipais	12.859,98 €
342	61901	Instalacións deportivas. Outros investimentos reposición infraest bens	6.932,54 €
3260	22750	Servizos de gardería infantil. Servizo PAI	20.000,00 €
160	22706	Sumidoiros. Estudos e traballos técnicos.	12.000,00 €
170	60900	Administración xeral do Medio Ambiente. Outros investimentos novos en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral.	6.307,95 €
337	61900	Instalacións de ocupación do tempo libre. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	7.030,10 €
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO			199.986,19 €

Esta modificación finánciase con cargo a remanente de tesouraría nos seguintes termos:

Suplementos e créditos extraordinarios en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	7	0	Remanente de tesouraría para gastos xerais	555.672,86 €

Vilalba, 2 de setembro de 2025.- A alcaldesa, Marta M.^a Rouco Seoane.

R. 2488

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO Nº 15/227 DA XUNTA DE GOBERNO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DO 17/06/2025 POLO QUE SE APROBAN AS BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES ÁS ASOCIACIONES DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (ANPAS) DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO

BDNS (Identif.):853862

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/853862>)

1º.- Obxecto e finalidade da subvención.

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencions ás asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no Concello de Lugo para a realización de actuacións en materia de participación educativa, que en ningún caso implicará a realización de actividades extraescolares do alumnado.

Distínguense estes tipos de actividades:

- Actividades de formación das que se subvencionará ata un 90% do orzamento da actividade.
- -Actividades culturais das que se subvencionará ata un 60% do orzamento da actividade.

2ª.- Normativa reguladora do procedemento

A normativa aplicable a estas subvencions axustarase ao disposto nestas Bases, na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencions do Concello de Lugo; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencions; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencions de Galicia; así como á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa xeral de aplicación.

3º.- Contía que se vai subvencionar.

No suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, establécese un límite máximo de 2.000 € por asociación, sempre e cando non se supere o orzamento de 10.000 €.

4º.- Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias deste tipo de subvencions as asociacións de pais e nais de alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo que estean inscritas de acordo coa normativa aplicable e que cumpran os seguintes requisitos:

Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo.

Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.

Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.

Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, así como nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.

Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencions concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

Que teñan realizado actividades formativas para pais e nais de alumnos de centros educativos sostidos con fondos públicos obxecto desta subvención.

Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral.

Non utilizar a imaxe da muller como reclamo, con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30-06-2016).

Non percibir outras subvencións para a mesma finalidade que illada ou conxuntamente supere o custo da actividade subvencionada.

5º. - Criterios de adxudicación

A concesión desta subvención realizarase en réxime de concorrència competitiva entre as asociacións que cumpran os requisitos desta convocatoria, con un máximo de 2.000€ por asociación.

O criterio para a adxudicación da subvención será o cumprimento do establecido nestas bases, que a subvención vaia destinada á formación dos pais/nais do alumnado ou as actividades culturais, así como a acreditación documental de que os gastos foron destinados a este fin.

Os requisitos para as actuacións subvencionables son os seguintes:

A subvención terá que ir dirixida a actividades formativas ou culturais para nais e pais de alumnos/as de ANPAS de centros educativos sostidos con fondos públicos, sen que en ningún caso poida estar destinada a eventos de carácter exclusivamente lúdico ou deportivo nin á realización de actividades extraescolares do alumnado.

Esíxese unha participación mínima de 10 persoas na actividade.

Poderán subvencionarse actividades destinadas a familias nas que participen as nais/pais/ ou titores legais xunto cos seus fillos e fillas, mais nunca actividades nas que só participe alumnado.

Todos os gastos deberán ser xustificados coa factura correspondente

6º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

6.1. As solicitudes das persoas interesadas presentaranse preferiblemente, por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Lugo, <https://lugo.gal>.

A convocatoria para a concesión das subvencións previstas nestas bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.2. O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e dun extracto destas na BDNS.

6.3. Para formalizar a solicitude a persoa interesada presentará a seguinte documentación:

Fotocopia do NIF da persoa que actúe como representante e documentación acreditativa da representación, (considerase válido un certificado dos membros da xunta directiva). Esta documentación non será necesaria no caso de que a persoa representante actúe a través de certificado dixital de representante de persoa xurídica ante as administracións públicas)

Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. segundo o Anexo II, que poderá vir acompañado da memoria que se estime máis conveniente para a execución do proxecto para subvencionar.

Certificación bancaria na que figure o IBAN e número de conta da entidade solicitante.

Declaración expedida polos órganos representativos da entidade na que se faga constar o número de socios ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio precedente, segundo modelo que figura como ANEXO IV.

Declaración responsable, segundo modelo que figura como ANEXO III destas bases.

7º.- Procedemento de adxudicación.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 68/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; coas seguintes precisións:

7.1 Presentadas as solicitudes polas/os representantes da asociación en calquera dos lugares establecidos legalmente, remitiranse ao Servizo de Educación, que procederá en función do obxecto e finalidade da subvención solicitada.

7.2. O órgano instructor será un/unha técnico/a competente do Servizo de Educación, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da Ordenanza municipal de subvencións.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os tenentes de alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/os delegadas/os conforme o acordo da Xunta de Goberno Local 40/607 do 26 de xullo de 2023 rectificado por Acordo núm. 1/284 do 19 de xuño de 2024 e modificado posteriormente polo Acordo 7/116 do 26 de marzo de 2025.

8º.- Prazo máximo de resolución

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da Convocatoria na BDNS e no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

9º.- Xustificación do gasto

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través de medios electrónicos nos termos dispostos no punto 5 destas bases, e ata o 30 de novembro de 2025, toda a documentación acreditativa da realización das actividades obxecto desta subvención.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

Se o 30 de novembro de 2025, a entidade beneficiaria non presentara a xustificación ou a xuízo da oficina xestora non reúne os requisitos necesarios, concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, e advertiráselle de que de non facelo se lle terá por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipos.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade perceptora da subvención.

10º.- Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida máis o 10% do custo total da actividade de formación presentada e orzamentada no seu día ou o 40% no caso de actividades culturais. Enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativos ao 10 ou 40% refírese ao 10 ou 40% do orzamento da actividade presentada con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanciamento da mesma.

11º.- Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4. A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións..

12º.- Revogación

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos, ou que existan incompatibilidades con outros beneficiarios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

13º.- Órgano competente para a resolución do procedemento

Conforme ao establecido no artigo 17.3.g) da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e segundo o Acordo núm. 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023, modificado por Acordo 1/61 do 28 de febreiro de 2024 e rectificado posteriormente polo Acordo núm. 1/284 do 19 de xuño de 2024, de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nas/os tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os da Área e nas/os Concelleiras/os Delegadas/os, así como tendo en conta o establecido no Decreto da Alcaldía núm. 2730/2025, do 19 de marzo de 2025, o órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención é a Concelleira Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento.

14º.- Memoria xustificativa

O Servizo de Educación presentará unha Memoria explicativa da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos e coas indicacións, contidos e documentos que se determinen nos acordos reguladores da convocatoria ou na concesión da subvención.

Lugo, 28 de agosto de 2025.- A Concelleira Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide Pena.

R. 2465
